

Biblioteca Virtual Galega

Até hai moi pouco tempo todos os libros publicábanse en papel. Non hai moito que se inventaron os ordenadores e, tamén, Internet. Hoxe en día moitas escritoras e escritores utilizan a rede para escribiren e publicaren os seus libros. Ademais, moitas obras que antes só podíamos consultar en papel están agora en Internet.





Así que xa sabes que dentro dos ordenadores tamén temos bibliotecas. Propoñémosche unha visita á aula de informática. Imos entrar en Internet, na páxina web da Biblioteca Virtual Galega que pertence á Universidade da Coruña (www.bvg.udc.es).

Nesta páxina vas atopar a meirande parte dos autores e autoras da literatura galega, coa biografía e a obra.


Imos ver que atopamos de MANUEL MARÍA.

Se vas ao CATÁLOGO DE OBRAS E AUTORES, aparecerá unha pantalla con varios arquivos; aquí podes buscar obras de narrativa, poesía, teatro,... se sabes o seu título e tamén podes buscar polo nome do autor ou autora.


É o que imos facer; iremos ao arquivo de xeral de AUTORES/AS e aparecerán todas as letras en orde alfabética.



Unidade 2



Imos ao M e consultamos en primeiro lugar a súa biografía: *Manuel María Fernández Teixeira naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo...*



Se consultamos a súa obra veremos que algúns dos seus poemas podemos incluso visionalas en vídeo, onde o propio autor vai recitando algún poema.

1 Nesta páxina web podes ler moitos poemas. Proponémosche un exercicio creativo: elixe versos de diferentes poemas, mestúraos e fai un poema novo. Xa es un poeta coas palabras de Manuel María!

2 Hai outras páxinas web onde podes atopar información sobre Manuel María:

<http://www.vieiros.com/nova.php?Ed=1&id=38289>

http://www.culturagalega.org/temadia_arquivo.php?id=4967

http://www.culturagalega.org/especiais/poetasenarradores/poetas/poetas_10.htm

http://www.anosaterra.com/documentos/seccions/manuel_maria/pdf/manuel_maria.pdf